

NUM. 05/2017

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DE PLENO DE DATA 25 DE MAIO DE 2017

En Soutomaior, a 25 de maio de 2017, sendo as doce horas e trinta minutos e previa convocatoria ó efecto, reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D.^a M.^a Dolores Cernadas García, D.^a Cristina González Piedras, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.^a Noelia Ocampo González, D.^a Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D. Alejandro Pazos Míguez, D.^a M.^a Rosario Bouzón Martínez, D.^a María Menduiña Durán, D.^a Olalla Obelleiro Hermida e D.^a Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria-Interventora, D.^a Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Esta sesión extraordinaria foi convocada por solicitude do grupo municipal do BNG, ó abeiro do previsto no art. 46.2 a) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

ÚNICO.- MOCIÓN BNG PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Dase lectura ó Dictame da Comisión Informativa de Igualdade, Benestar Social, Ensino e Sanidade do 22 de maio de 2017, que di:

“Dase lectura a Moción presentada polo BNG, que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa ben tempo que no concello de Soutomaior estamos a vivir diferentes problemas con respecto á sanidade pública. Problemas que afectan de maneira tan seria como directa á nosa veciñanza e que son froito dos recortes do PP en materia de sanidade. Problemas que se concretan en carencias de servizos sanitarios importantes, en semanas enteiras nas que os veciños e veciñas quedan sen cobertura pediátrica no concello xa que o SERGAS non cubre as vacacións, en esperas de varias horas nos nosos centros de saúde, ou no feito de que haxa veciños que non poden darse de alta nos centros na atención primaria de Arcade porque os cupos están saturados.

Por iso, dende o BNG levamos adiante diferentes iniciativas para solucionar esta realidade.

Medidas como a recollida de sinaturas para demandar servizo de pediatría e diferentes iniciativas municipais e parlamentarias esixindo a solución destes problemas.

Hai xa dúas semanas que o BNG escribiu unha carta urxente ao alcalde deste concello propoñendo un acordo de todos os grupos municipais para a defensa da sanidade pública. Nesta proposta solicitábase algo tan necesario e evidente como unha xuntanza de todos os grupos co conselleiro de sanidade para, dende o acordo e a unidade, resolver os problemas da sanidade pública de Soutomaior. Dúas semanas despois, o alcalde nin sequera se molestou en contestar amosando un desprezo que, sen dúbida, a veciñanza non merece.

Mais por se isto fose pouco, hai máis de 6 meses que o BNG presentou unha moción na que se contemplaban diferentes medidas en defensa da sanidade pública. Medidas como a esixencia de máis médicos para o municipio, melloras nos centros de saúde e a cobertura das baixas. Esta moción foi aprobada por unanimidade o que obrigaba ao goberno local a cumprir o mandato do pleno e enviar unha carta ao conselleiro de sanidade con estas propostas. Mais lonxe disto o alcalde incumpriu a lei e gardou o mandato dos veciños e veciñas para defender algo tan necesario como a sanidade pública no caixón, O alcalde nin sequera se atreveu a enviar unha carta ao conselleiro de sanidade para defender aos seus veciños amosando unha vez máis unha vergoñenta irresponsabilidade e unha sumisión que os veciños e veciñas de Soutomaior non merecen.

Por todo o exposto anteriormente o grupo municipal do BNG propón ao pleno o seguinte acordo:

- Que os portavoces municipais do concello de Soutomaior se reúnan de xeito urxente co conselleiro para solucionar os problemas na sanidade pública dos nosos veciños.
- Condenar a actitude de Agustín Reguera por non cumprir as resolucións aprobadas neste pleno así como o desprezo amosado pola veciñanza cando nin sequera contesta as propostas de acordo dos representantes da veciñanza.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.”

DEBATE

O Sr. Lourenzo Sobral di que queren agradecer antes de empezar, a actitude do grupo de goberno porque novamente convoca un Pleno tan importante como este a unha hora na que toda a veciñanza pode asistir. O medio día é sen dúbida a mellor hora para que a xente veña, a xente non ten fillos, non ten cousas que facer, non traballa, é unha hora na que loxicamente a conciliación é posible, grazas novamente por estes actitude de demócratas de toda la vida que se gastan porque grazas ao voso odio, e a vosa ruindade... os veciños cada vez máis se van dando conta da situación que padecen neste concello. Con respecto ó ataque persoal, baten en ferro se pensan que con isto van a disuadir de defender o que pensan que é xusto, baten en ferro, e ademais os que sementan odio, odio recollerán. O cinismo político, elevado a enésima potencia, e claro... despois de tantos puñais polas costas aos veciños a xente xa se vai decatando. Polo tanto, alén de ironías, eles pediron expresamente que o pleno tivese lugar a unha hora na que os veciños puidesen asistir. Basicamente porque o tema que estan a tratar é o tema da sanidade pública, un tema fundamental para a veciñanza. Pero ó PP parece que non lle gusta que a xente se entere dos seus tejemanejes e, por iso, convoca os plenos á esta hora. Pero o máis curioso disto é que o argumento que deu Agustín Reguera o outro dia de que os plenos á unha do mediodía eran un mandato do pleno, e os mandatos do pleno hai que cumprilos, pero claro, cando se gastan eses niveis de cinismo político, pasa o que pasa, e hoxe estan aquí precisamente porque Agustín Reguera incumpriu o mandato do Pleno e incumpriu a lexislación vixente nun tema tan importante como a defensa da sanidade pública. Di que Agustín Reguera despreza a democracia, despreza a



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

lexislación vixente e, o máis importante ao seu xuízo, despreza aos veciños e veciñas de Soutomaior porque namentres os veciños esperan horas no centro de saúde, Agustín Reguera pon media hora para este pleno; namentres hai veciños que non poden darse de alta no centro de saúde de Arcade, o PP garda no caixón mandatos do pleno aprobados por unanimidade; namentres temos un servizo de pediatría que é como o Guadiana, aparece e desaparece, Agustín Reguera nin sequera contesta ás cartas que se lle envían. Namentres no día de onte a plataforma SOS sanidade pública pon no parlamento o caso de Arcade como un exemplo de desmantelamento de servizo de sanidade, Agustín Reguera cala cando o SERGAS di que aquí a sanidade está perfecta... E unha vergoña.... unha vergoña que demostra que están pendentes dos seus soldos e das suas xubilacións e que os veciños non importan nin o máis mínimo. Están ante un incumprimento sistemático, reiterado, consciente e a sabendas de que era ilegal. Eu sei que Agustín Reguera, e así o demostra na súa xestión diaria, pensa que é Luís XIV, o Rei Sol, pensa que non ten veciños (tecnicamente veciños son os de Redondela) senón que ten subditos. E como o PP pensa que o concello é a súa casa, e que pode facer o que lle dea a gana, poden incluso incumprir a lei, e pasarse as mocións que se aproban polo pleno polo arco do triunfo. Pero eles van dicirlle que non, que iso non llo van permitir. Esta moción ten o aval da maioría do pobo de Soutomaior, esta moción en defensa da sanidade pública porque os veciños están padecendo unha situación insoportable, consecuencia dos recortes do PP. Si porque ao tempo que almorzamos un día coa operación Lezo, outro día coa Gurtel e con xuíces que afirman nos seus escritos que o partido popular é unha organización criminal, vemos como en Soutomaior as nosas veciñas teñen que estar sen pediatra, teñen que estar agardando horas nos centros de saúde, vemos como os cupos están absolutamente saturados ata o punto de que non se aceptan altas, e ante esta situación, que fixo o PP?, que fixo Agustín Reguera? meter a moción na gabeta, no caixón, e deixala alí. Mentres os veciños agardaban e padecían as deficiencias nos nosos centros de saúde, o Alcalde meteu no caixón unha moción aprobada polo pleno o día 24 de novembro de 2016 e decidiu non facer nada, non fose a ser que os altos cargos desa presunta organización criminal na que militan, se enfaden. Pero por se isto fose pouco, metemos unha carta por rexistro o día 25 de abril de 2017, solicitando algo que nin sequera contestaron.

Esta Moción ten o aval da veciñanza de Soutomaior, da maioría social que está representada nesta Mesa. Di que hai carencias importantísimas da sanidade pública no Concello, que lles trasladan os veciños e veciñas. O que piden, ademáis de que cesen nesa actitude, e que os portavoces se reunan có Conselleiro para tratar este tema. Impresentable a actitude de non respetar as Mocións.

A Sra. González Piedras di que o horario dos Plenos se acordou en Pleno. Outros Concellos, como en Pontevedra, convoca os plenos as 10 da mañá, igual exemplo de conciliación. En canto á sanidade, di que dende o PP de Soutomaior están de acordo en que hai diferentes problemas respecto a sanidade pública. Problemas que afectan de forma directa aos nosos veciños. Uns problemas que non son de agora, se non que se remontan incluso ao ano 2008 onde na Xunta gobernaba o bipartito (BNG e PSOE) e que lonxe de ter problemas de solvencia o presuposto non superon ou quixeron solucionar. E esa foto do Alcalde que eles utilizan para o recriminar



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

e dicir que non se preocupa pola sanidade dos veciños, anunciaba a súa denuncia ante a carencia de facultativos no Centro de Saúde. Polo tanto que se repartan responsabilidades. É un serio problema que entón o Goberno non solucionou e polo que eles seguen loitando a día de hoxe. A pesar de todo, teñen que sentirse orgullosos da Sanidade Pública española e rezan para que iso non desapareza. O PP de Soutomaior seguirá reivindicando ata a saciedade unhas melloras na sanidade de Soutomaior. Como sempre pola vía do diálogo. Mostra do froito desas conversas co xerente e co Conselleiro é que se van conseguindo melloras nos Centros de Saúde que garantizan máis servizos e atención para os veciños e que quizais de outra maneira non se houberan conseguido. Por todo isto, segundo a proposta do BNG ao Pleno: 1º.- Segundo teñen no informe, en data 4 de maio se enviou o acordo aprobado o 26 de novembro de 2016 onde se solicita unha reunión co Conselleiro. Se non teñen resposta volverán a solicitar unha reunión. Se o acordo non foi enviado antes, tedes un informe onde se da conta de que foi un erro administrativo de Secretaría, e que lexos de culpar a ninguén se entende que todos poden equivocarse e non botar a culpa sempre ao Alcalde. 2º.- Non van condenar a actitude de Agustín Reguera, porque non hai nada que condenar, porque é mentira e mezquino dicir que o Alcalde despreza aos veciños de Soutomaior. En vez de condenar o que están é orgullosos de todas as melloras que se levan conseguido e que foron gracias a súa xestión, polo que ademáis están seguros de que conseguirán seguir mellorando e garantizan todos os servios sanitarios públicos para Soutomaior. Di que quizais a diferenza está en que o BNG de Soutomaior defende soamente os intereses de 1.600 votantes que os escolleron como representantes e o PP de Soutomaior non se preocupa soamente dos votantes, se non dos seus 7.300 veciños e veciñas que viven en Soutomaior. Houbo melloras non Centro de Saúde de Arcade no último ano: se cambiou parte da cuberta da entrada, se pintaron tres consultas, na sala de espera se puxeron parasoles para diminuír a temperatura no verán e hai 2 - 3 anos se cambiou toda a carpintería exterior e habilitouse unha consulta máis para os novos servizos de atención primaria. Quere recordar que o Conselleiro estivo o 21/09/2016 no Centro de Saúde de Arcade para atender as demandas dos traballadores e tomar nota dos distintos arranxos do Centro. Esa visita foi antes de que o BNG presentase ningunha Moción. Eles traballan, non fan política de Sanidade. Pode anunciar hoxe que o Centro de Saúde de Arcade contará cun ATS a maiores, polo cal todos os médicos terán o seu propio. Isto é outra das xestións conseguidas por parte das negociacións do Sr. Alcalde co Sergas, en onde queda manifestada a súa actitude, lonxe de ser desprezo como o BNG di, é dedicación aos veciños de Soutomaior. En canto á cobertura das baixas dos médicos, segundo os informes se cubren ao 100%. A diferenza está en que estas baixas se cubren atendendo aos acordos entre os médicos, polo tanto, dependendo do tipo de baixas as coberturas son diferentes, poden ser por contratación ordinaria ou por ampliación. De ahí os distintos horarios de atención. En canto ó pediatra, é un problema xeneralizado, non so a nivel municipal, se non en moitos Centros de Saúde e que como dicía ao principio se ven arrastrando dende hai anos, incluso cando a Xunta gobernaba (BNG e PSOE) e que tampouco se solucionou. Pero eles seguiran pelexando para poder solucionalo, que non lles quepa a menor dúbida aos veciños de Soutomaior. En relación a varias horas de espera no Centro de Saúde, a maior parte das veces que ocorre son días puntuais, debido ás urxencias que van surxindo



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ao longo da mañá se van retrasando a atención das citas ordinarias. Todo isto, insiste, que non é habitual; engande a profesionalidade dos médicos do Centro de Saúde, que antepoñen a atención dos seus pacientes por encima de incluso dos seus horarios de traballo, o que da como resultado estas esperas que entenden que a veces sexan consideradas cansinas pero que non é o habitual. Mostra delo é que a maior parte das veces entran na hora da súa cita e, dependendo dos días, incluso as consultas non teñen esperas. Os cupos son fluctuantes. En este momento en Arcade hai un médico co cupo aberto. En Soutomaior o cupo está aberto.

A Sra. Montero Pérez di que lle da moita gracia que cando o Sr. Lourenzo nomea ó PP, ela fala do BNG, e despois din que iso é política; se non queren politizar que non politicen en ningún sentido. Leva toda a semana preguntando ós veciños e lle falan das deficiencias dos Centros de Saúde. Algo non deben estar facendo ben. Algo non lle cuadra. No Pleno no que se truxo a Moción ela votou a favor porque o Centro de Saúde de aquí ten moitas deficiencias. Podería aumentarse un pouco o espacio. Hai moita xente e te dan cita para moitos días despois. Segue habendo moitas deficiencias e falou estas dúas últimas semanas con moitos veciños e non están contentos coa xestión. Non condena a ninguén, pero está a favor da Moción.

O Sr. Lourenzo Sobral di que a Sra. González Piedras acaba de dicir que a sanidade pública do Concello é esplendorosa, pero o que pasa é que poñen diante os intereses do PP que os dos veciños. A eles lles preocupa o que pasa aquí e os incumprimentos que hai aquí. Non están condenando a Agustín Reguera, senón a actitude de Agustín Reguera. Politicamente isto é unha vergoña. O segundo punto trata de actitudes políticas e iso é o que se condena. Non falou nada do que lles trae aquí, que é o incumprimento dos acordos plenarios. O artigo nº 196 do ROF establece que deben remitirse os acordos plenarios en 6 días posteriores á adopción dos mesmos. O Alcalde e a Secretaria da Corporación serán os responsables do cumprimento. O Alcalde non ten o valor político de recoñecelo e se refuxia detrás dos traballadores. Do que están falando é dunha Moción incumplida, non do estado da saúde pública. Non cumpren a lei e están obrigados a cumprila. A carta tiña que estar asinada por todos os membros da Corporación e non a enviaron así. A Moción contra o feminicidio non se enviou. Eles (o BNG) veñen aquí a falar e a facer política, non saben a que veñen eles (o PP). A política é unha maneira de mellorar as condicións de vida da veciñanza. Do que hai que falar é do incumprimento dos acordos plenarios. Foi a Xunta de Persoal sanitaria de novembro de 2015 a que dixo que había que pedir un médico máis para Soutomaior.

A Sra. González Piedras di que se deberían tomar un pouco máis en serio os términos que utilizan.

O Sr. Alcalde di que sempre se lles quere dar leccións do que non son e iso cansa. Das interpretacións á realidade, hai diferenza. Que fale por él e non polos demais, queda moi ben ante as cámaras dicir que non hai democracia, etc.. Non fan tarefas administrativas e polo tanto non deixan as cousas nos caixóns. Houbo un percance cos acordos dese Pleno é asume a súa responsabilidade como Alcalde, se está arranxando. As mocións que poñen enviar, se envían, as que poñen instar se instan. Non hai ningún odio a quen non vota ó PP, o seu despacho está sempre aberto para quen queira. Sen cita. Os veciños de Soutomaior votan o que queren e aquí están. Hai que ter un mínimo de respeto.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai un incumprimento reiterado e sistemático dos acordos plenarios. En non están falando de iso, lle parece unha postura de cobardía política. Hai propostas do BNG en relación coa Sanidade Pública no Parlamento de Galicia e ás que o PP votou en contra. A actitude do grupo de goberno é de desprezo á oposición. Non cumprir as mocións aprobadas é unha falta de respecto ó traballo dos grupos da oposición e ós veciños. Cando queiran abandonar esta actitude e poñerse a traballar todos xuntos para a veciñanza teñen a man tendida.

O Sr. Alcalde di que non poden cesar nunha actitude que non teñen. Farase un Regulamento para regular os Plenos como hai noutros Concellos do BNG. En ningún destes os do PP poden expresarse o tempo que queren, como fan aquí neste Concello.

VOTACIÓN

O Sr. Alcalde propón á votación por separado dos dous puntos da Moción, en cuio caso eles votarían a favor do 1º apartado e en contra do 2º. O Sr. Lorenzo Sobral manifesta o desacordo do seu grupo coa votación separada.

O Sr. Alcalde di que eles están a favor da sanidade pública, pero votarán en contra da Moción porque están en contra do segundo punto.

O Sr. Lourenzo Sobral di que o valor que se lle poida dar neste Concello a unha Moción é nulo. Esta actitude é a que queren condenar. Por suposto segue en pé ter esa reunión co conselleiro.

Con sete votos en contra (dos sete membros do grupo político do PP), seis votos a favor (dos cinco membros presentes do grupo político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Desestimar a Moción presentada nos seus propios termos.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Documento asinado dixitalmente á marxe.